



# BOP

VENRES, 18 DE SETEMBRO DE 2020

N.º 215

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO, E MEMORIA HISTÓRICA

##### *Anuncio*

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS E DAS ARTESÁS PARTICIPANTES NA MOSTRA DE ARTESANÍA “ARTESANFROILÁN 2020”, DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO E MEMORIA HISTÓRICA.**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA**

As presentes bases teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos e das artesás da mostra ARTESANFROILÁN 2020 organizada polo Centro de Artesanía e Deseño (en adiante centrAD) da Área de Deportes, Artesanía e Deseño, e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

#### **SEGUNDA: PARTICIPANTES**

A presente convocatoria está aberta a todos os artesáns e artesás da provincia de Lugo para participar na mostra ARTESANFROILÁN 2020, para o cal todas as persoas interesadas deberán cumprir cos requisitos establecidos nas presentes bases.

Para os efectos destas bases, poderán participar as e os artesáns que realicen calquera actividade recollida no Anexo IV do Decreto 218/2001, de 7 de setembro polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía, agás os que realicen actividades da súa división 15 (industrias de produtos alimenticios e bebidas).

A participación nesta Mostra está reservada a artesás e artesáns cuxa produción sexa exclusivamente de creación e produción propia, e cuxo material responda ao proceso de transformación e elaboración dunha determinada materia prima; entendéndose este proceso como un cambio substancial na referida materia.

#### **TERCEIRA: LUGAR, DATA E CARACTERÍSTICAS**

A mostra desenvolverase na praza Anxo Fernández Gómez de Lugo, entre os días 2 e 12 de outubro de 2020, en horario de 11:00h a 14:00h e de 17:00h a 21:00h

A Mostra estará formada por 24 postos de 3x2 metros, cada un deles con cadro eléctrico, iluminación e un enchufe para o uso do artesán/artesá expositor.

Como consecuencia das medidas adoptadas pola declaración do estado de alarma decretado o 14 de marzo de 2020, a través do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 que supuxo a práctica paralización de toda a actividade non esencial, e derivado disto, non se puideron celebrar actividades con afluencia de persoas durante este período, sufríndose asimismo importantes restricións de asistencia de público nas seguintes a dita declaración, feito que prexudicou seriamente ao sector artesán da provincia de Lugo, que ten como unha das principais fontes de ingresos económicos a participación en diferentes mostras e feiras adicadas a ditas actividades ó longo do ano.

Como consecuencia de todo elo e dadas estas excepcionais circunstancias, non se establecen os prezos públicos que se teñen aplicado en edicións anteriores á celebración da mostra Artesanfroilán 2020, de maneira que se poida axudar a paliar as repercusións económicas que dita pandemia ten na economía dos artesáns.

#### **CUARTA: CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN**

-As persoas interesadas en participar na mostra ARTESANFROILÁN 2020 deberán presentar a solicitude coa documentación requerida no prazo e forma establecida nas presentes bases.

-Poderán participar individualmente ou conxuntamente, en cuxo caso deberase indicar expresamente na solicitude, e en consecuencia deberán achegar a documentación correspondente e esixible a cada participante.

-No suposto de participación conxunta e, de acordo coas indicacións na solicitude, o posto poderase compartir por un máximo de dous artesáns/artesás.

En todo caso, aqueles artesáns /artesás que decidan participar conxuntamente, deberán cumprir, respectivamente e por separado, todos e cada un dos requisitos esixidos. O incumprimento dos referidos

requisitos por parte dun dos dous participantes da solicitude de participación conxunta non invalidará a admisión daquel que si os cumpra, debendo adaptarse as circunstancias derivadas desa situación, de xeito que non implique deterioro na imaxe e desenvolvemento da mostra. Neste sentido o centrAD poderá ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución da mostra.

-Os artesáns/artesás aseguran nas súas casetas as necesarias condicións de limpeza, hixiene e atención ao cliente, durante os días da feira.

-Os traballos de descarga de mercancía, montaxe e acondicionamento de cada posto levaráanse a cabo o 2 de outubro en horario de 8:00h a 17:00h. A retirada e desmontaxe dos postos levaráse a cabo entre as 20:00h e 24:00h. do 12 de outubro.

-O expositor/a comprométese a manter aberta a caseta no horario fixado para a feira e ter polo menos unha persoa ó fronte do mesmo, que será o artesán ou persoa que o represente.

- No contexto da actual crise sanitaria da COVID-19, o expositor/a comprométese a cumprir co protocolo sanitario vixente durante a celebración da mostra, velando pola súa propia seguridade e a do público en xeral que visite o seu espazo.

- O expositor comprométese a non ceder ou transferir en ningún caso a terceiros, os dereitos de participación concedidos pola organización.

- O artesán expositor non poderá expoñer baixo ningún concepto artigos que non sexan da súa autoría, ou produtos de revenda.

- O centrAD será o encargado de definir a organización e colocación dos postos de acordo coas solicitudes presentadas, na perspectiva da correcta imaxe e execución da mostra e da óptima presentación da oferta artesanal que se promove, así como procurarase unha rotación dos/as artesáns seleccionados en relación con anos anteriores.

- A Deputación de Lugo resérvase o dereito de instar á retirada inmediata no transcurso da mostra de aqueles produtos que non cumpran os requisitos recollidos nas Bases, ou daquela oferta expositiva que por razón acreditada puidera suponer dano ou prexuízo para o contido ou mensaxe da mostra da propia Deputación de Lugo.

- De acordo coa lexislación vixente en materia entre homes e mulleres e de protección conta a violencia de xénero, queda expresamente prohibida a exposición de produtos ou actividades que inclúan tácita ou implícitamente contidos ou publicidade sexista ou que se poida considerar discriminatoria, vexatoria ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou a violencia de xénero.

-Na consideración do deber da Administración Pública de promoción do uso da lingua galega, a lingua de uso da mostra será o idioma galego.

-A Mostra estará cuberta pola póliza de seguro de responsabilidade civil da Deputación de Lugo. De igual xeito, as persoas adxudicatarias deberán ter subscrita tamén unha póliza de responsabilidade civil para a actividade que desenvolvan.

- A Deputación de Lugo non se fai responsable das perdas, danos ou furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo.

- Os artesáns/ás acceden a que a Deputación de Lugo fotografe, debuxe ou filme as instalacións, así como os servizos e /ou artigos expostos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web e nos medios de comunicación. A persoa ou entidade que expón te dereito a fotografar o seu posto e os seus propios produtos, durante as horas de celebración da Mostra.

-Non se permitirá máis música ambiental que a seleccionada pola organización de ARTESANFROILÁN 2020.

-Se debido a calquera circunstancia derivada da crise de pandemia da COVID-19, ou calquera outra circunstancia de forza maior, a Deputación de Lugo se vira obrigada a desconvocar ou suspender a celebración da mostra, esta desconvocatoria e/ou suspensión non implicará indemnizacións de ningunha natureza para os /as expositores/as admitidos/as.

A presentación da solicitude de participación nesta mostra ARTESANFROILÁN 2020 implica a aceptación total das presentes bases.

Ante calquera aspecto non recollido nestas bases no relativo ao proceso de valoración e admisión de solicitudes, o centrAD da Deputación de Lugo, a proposta da Comisión de selección, resolverá segundo se considere o mais axeitado para o mellor desenvolvemento do evento.

#### **QUINTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As persoas interesadas en participar na mostra ARTESANFROILÁN 2020 deberán presentar a súa solicitude según modelo normalizado (Anexo I), xunto coa documentación restante requirida no punto 5º das bases, por vía telemática a través da Sede Electrónica da Deputación <http://www.sede.deputacionlugo.gal>

O prazo de presentación será de 5 días naturais dende o día seguinte ao da publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Toda solicitude presentada fóra do prazo indicado nas presentes bases será excluída do proceso de selección para participar da mostra ARTESANFROILÁN 2020.

As solicitudes irán acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:

- 1.- **Modelo de solicitude** debidamente cumprimentado (Anexo I)
- 2.- **Copia** da carta de Artesá ou Artesán.
- 3.- **Copia** do DNI ou NIF da empresa
- 4.- **Memoria técnica e descritiva** dun máximo de 25 páxinas , que conteña os seguintes apartados (nas solicitudes de participación conxunta, deberán achegar unha memoria por cada artesán solicitante):
  - 4.a) Datos completos do artesán (datos persoais, nome comercial, número de rexistro da carta de artesán ou obradoiro rexistrado, dirección, teléfonos e enderezo electrónico)
  - 4.b) Currículum ou biografía onde se describa a súa formación e traxectoria profesional incluíndo as referencias do seu traballo en prensa, revistas especializadas ou outras publicacións, así como a súa presenza en Internet (web, blogs ou redes sociais)
  - 4.c) Descrición do proceso produtivo acompañada dunha secuencia de imaxes en pequeno formato mostrando a transformación da materia prima ata o produto final.
  - 4.d) Detalle dos materiais e ferramentas empregadas.
  - 4.e) Relación detallada dos produtos que se poñerán á venda na feira.
  - 4.f) Fotografías xerais e de detalle dos produtos onde se poida apreciar a súa calidade.
  - 4.g) Fotografía do posto montado anteriormente ou proposta de montaxe.
- 5.- **Compromiso de aceptación** por parte do solicitante no que se asuma a responsabilidade de obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga (Anexo II)
- 6.- **Compromiso de aceptación** dos participantes nesta Mostra, conforme asumen todas as responsabilidades derivadas da montaxe, desmonte do produto a expoñer, as perdas, danos, furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra , así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo, segundo se establece no punto 4 das bases (Anexo II)
- 7.- **Declaración responsable** de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar que establece o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, así mesmo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (Anexo II)
- 8.- **De forma opcional** os e as solicitantes poderán aportar copia da vida laboral se desexan que a información deste documento sexa tida en conta nas valoracións, así como os documentos acreditativos de estar inscrito/a no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, así como calquera documentación que estime oportuno entregar para poder valorar segundo os criterios establecidos na base sexta.

## SEXTA: SELECCIÓN

Rematado o prazo de solicitude de participación na mostra, unha Comisión valorará as solicitudes presentadas e emitirá unha proposta de resolución das persoas admitidas para participar en ARTESANFROILÁN 2020.

Esta Comisión estará formada por persoal da Deputación Provincial e un representante do sector artesanal da provincia de Lugo e rexerese segundo o establecido para os órganos colexiados nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A selección de participantes na mostra farase con base ós criterios que se expoñen a continuación:

- 1.- Calidade do produto (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas, valorando o traballo de conceptualización e deseño de produto, acabados, materia prima, presentación final, coherencia das coleccións , e evolución e mellora do traballo respecto a edicións pasadas, se é o caso) de 0 a 5 puntos
- 2.- Calidade da memoria descritiva (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas, valorando a presentación, estilo e claridade na exposición de contidos) de 0 a 5 puntos
- 3.- Antigüidade da Carta de Artesá/án (na data de finalización de presentación de solicitudes).
  - a. Menor o igual a 5 anos – 5 puntos
  - b. Mais de 5 anos – 10 puntos

- 4.- Ter o Obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia
- a. Cunha antigüidade menor o igual a 5 anos – 5 puntos
  - b. Cunha antigüidade maior de 5 anos – 10 puntos
- 5.- Que o obradoiro sexa visitable ou esté incluído nalgún evento ou roteiro cultural – 5 puntos
- 6.- Presenza en feiras e eventos de Artesanía para profesionais nos dous últimos anos – 5 puntos
- 7.- Recoñecementos en certames, premios, concursos e programas de bolsas.
- a. Para profesionais – 5 puntos
  - b. Para estudantes – 3 puntos
- 8.- Innovación técnica:
- a. Utilización de técnicas novedosas para a disciplina – 5 puntos
  - b. Incorporación de novos materiais na disciplina – 5 puntos
- 9.- Difusión e implantación en redes:
- a. Páxina web – 5 puntos
  - b. Blog – 3 puntos
  - c. Redes Sociais – 2 puntos
- 10.- Deseño verde:
- a. Materiais autóctonos – 5 puntos
  - b. Materiais ecolóxicos – 5 puntos
  - d.- Materiais reciclados – 3 puntos
- 11.- Identificación coa zona de procedencia e elaboración do produto
- a. Polo material – 5 puntos
  - b. Pola forma ou deseño – 5 puntos
- 12.- Deseño do posto (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas) de 0 a 5 puntos

En caso de empate na puntuación terá preferencia utilizando por orde os seguintes criterios:

1º As disciplinas, que no seu caso, non estivesen representadas, co fin de lograr a mais ampla e variada oferta da mostra.

2º As solicitudes por orde de entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Con base ós criterios expostos, a citada Comisión propondrá unha listaxe ordenada de artesás e artesáns seleccionados á Presidencia da Deputación de Lugo, quen resolverá.

A resolución que poña fin ao procedemento de selección deberá expresar as persoas adxudicatarias seleccionadas de cada posto, así coma unha lista de reserva, para os efectos de que, en caso de renuncia, a comisión de selección cubrirá a vacante co artesán ou artesá suplente, a través da listaxe de suplencias que a tal efecto elaborará a comisión no momento de emisión do seu ditame, contra esta resolución caberán os recursos pertinentes establecidos na Lei 39/2015 e demais normativa de aplicación.

Esta resolución farase pública para os efectos de notificación ás persoas interesadas, así como calquera outra notificación ou requerimento, a través do Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica da Deputación.

Unha vez comunicada a selección dos candidatos, abrirase un prazo de 2 días naturais para a presentación da copia da póliza de responsabilidade civil para o desenvolvemento da actividade para a que se presenta.

A Comisión de selección estará composta polos seguintes membros:

**PRESIDENTE**

Francisca López López, Responsable Coordinadora II do Centro de Artesanía e Deseño

**SECRETARIO**

A Secretaría Xeral da Deputación de Lugo, ou persoa en quen delegue

**VOGAIS**

Isabel Somoza García, Representante do Sector Artesanal Lucense

Daniel Fernández Gómez, Administrativo

Laura Vázquez Janeiro, Bióloga

VOGAIS SUPLENTE

Luciano Pérez Díaz, Director da Colección de Instrumentos Musicais

M<sup>a</sup> Soledad López de Andrés, Atención ao cidadá

<b>ANEXO 1</b>		
<b>SOLICITUDE INDIVIDUAL DE PARTICIPACIÓN</b>		
<b>ARTESANFROILÁN 2020</b>		
<b>2 AO 12 DE OUTUBRO DE 2020</b>		
<b>PRAZA ANXO FERNÁNDEZ GÓMEZ</b>		
<b>DATOS DO SOLICITANTE</b>	<b>RAZÓN SOCIAL</b>	
SOLICITO UN POSTO CO SEGUINTE RÓTULO (MÁX. 20 DÍXITOS)	RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA	CIF
REPRESENTANTE LEGAL	DNI	DNI
ENDEREZO	CP	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
ENDEREZO ELECTRÓNICO	MÓBIL	FAX
<b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>		
ENDEREZO		
CP	LOCALIDADE	PROVINCIA
TELÉFONO/S	E-MAIL	

Asdo:

En -----, a ----- de ----- de 2020

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

**VICEPRESIDENCIA, ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA**

<b>ANEXO 1 BIS</b>			
<b>SOLICITUDE CONXUNTA PARTICIPACIÓN ARTESANFROILÁN 2020</b>			
<b>2 AO 12 DE OUTUBRO DE 2020</b>			
<b>PRAZA ANXO FERNÁNDEZ GÓMEZ</b>			
<b>DATOS DO SOLICITANTE 1</b>			
NOME E APELIDOS	RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA	CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		DNI	
ENDEREZO		CP	
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	MÓBIL	FAX	
<b>DATOS DO SOLICITANTE 2</b>			
NOME E APELIDOS	RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA	CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		DNI	
ENDEREZO		CP	
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	MÓBIL	FAX	

Asdo:

En -----, a ---- de----- de 2020

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

VICEPRESIDENCIA, ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

## ANEXO II

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona .....

DNI nº ....., con domicilio para os efectos de notificación en .....

.....-concello de ..... e teléfono de contacto ..... e correo electrónico .....

....., de resultar seleccionado /a para participar na MOSTRA ARTESANFROILÁN 2020,

## DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- A conformidade coas condicións establecidas nas presentes bases.
- A veracidade dos datos que se achegan coa solicitude e atoparse na situación na que concorren as circunstancias previstas nas bases da convocatoria.
- O cumprimento dos seguintes compromisos:
  - *Obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra , aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga ,segundo se desprende do punto 5º das bases.*
  - *Ter subscrita unha póliza de responsabilidade civil para a actividade que desenvolva.*
- Non atoparse incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas, no epígrafe da actividade a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Non ter débedas pendentes no período executivo coa Deputación Provincial de Lugo.
- Comprométese a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas, de conformidade co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas

E para que así conste , asino en ..... a ..... de ..... de 2020.

Sinatura:



**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS**

Responsable: Deputación de Lugo.

Finalidade: Xestión da selección dos artesáns e artesás do Artesanfroilán 2020.

Lexitimación: RGD : 6.1 e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Destinatarios: A propia Administración.

Dereitos: Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e , no seu caso, oposición e portabilidade dos datos.

Procedencia: A través do interesado por parte do persoal de xestión ou mediante acceso do interesado , como usuario externo , aos formularios en papel e aos formularios web recollidos no portal da Deputación de Lugo.

R. 2139

**ÁREA DE RECURSOS HUMANOS***Anuncio*

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 11 DE SETEMBRO DE 2020 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS DO PROCESO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE DESEÑADOR/A INFOGRAFISTA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL (BOP 089, DO 20.04.2020)**

“Tras ver a proposta do deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por Acordo da Xunta de Goberno do 13.03.2020, apróbase a convocatoria e as bases xerais e específicas que rexerán o proceso para cubrir 1 praza de Deseñador/a Infografista, encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Clase cometidos especiais, Grupo C – Subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservada á promoción interna vertical (BOP núm. 089 e 112, do 20.04.2020 e 18.05.2020)

Rematado o prazo de presentación de instancias o día 22.07.2020, e segundo o establecido nas Bases Xerais 6 e 7, que rexen o proceso selectivo, proponse á Presidencia que en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RESOLVA:

1º. Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos:

NÚMERO	APELIDOS E NOME
1	LÓPEZ LÓPEZ, ANA MARÍA

2º.- Nomear aos membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinala, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

**PRESIDENTE:**

Titular: Don Manuel García Mel, xefe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto xefe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

**VOGAIS:**

Titular: Dona María Salas Aguilera, profesora de deseño gráfico e xefa do Departamento de Artes Gráfica no Instituto de Educación Secundaria “LEIXA”- Ferrol.

Suplente: Don José Antonio López Suárez, profesor procesos de artes gráficas no Instituto de Educación Secundaria “LEIXA”- Ferrol

Titular.: Don Nicolas Fariña Vereas, enxeñeiro técnico informático, adxunto xefe do Servizo de Comunicación e TICs da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Luís Gil Diez, técnico superior en administración de sistemas informáticos en rede na Sección de Novas Tecnoloxías, no Servizo de Comunicación e TICs da Deputación de Lugo.

Titular: Don Benedicto José Quijada Morandeira, xefe da Sección de Formación da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Jose Antonio Arias Lombardero, xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo.

#### SECRETARIO:

Titular: Dona María Esther Álvarez Martínez, secretaria xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, secretario-interventor, xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

3º.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan o MARTES día 22 de setembro de 2020 ás 8 horas e 30 minutos no Salón Verde da Deputación de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar aos membros do Tribunal e a única aspirante para que compareza o LUNS día 19 de outubro de 2020 as 10 horas, no Salón Verde da Deputación de Lugo, para a realización do primeiro exercicio da oposición.

5º.- Publicar a presente resolución no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), na web corporativa da Deputación de Lugo – apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.

Contra a lista definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación desta resolución no BOP, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que interpoñan calquera outro que estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, os interesados poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

Pazo Provincial, 14 de setembro de 2020.- A secretaria xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2124

## CONCELLOS

### COSPEITO

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Cospeito, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2020, aprobou definitivamente a **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE GARDERÍA INFANTIL**, cuxos texto íntegro se fa público para o xeral coñecemento en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local:

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE GARDERÍA INFANTIL**

##### **Artigo 1: Fundamento e réxime:**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Cospeito establece a taxa pola asistencia e estancia na escola infantil municipal.

##### **Artigo 2: Feito impositivo:**

O feito impositivo está constituído pola prestación dos servizos municipais correspondentes á asistencia e estancia na escola infantil municipal de Feira do Monte, Cospeito.

##### **Artigo 3: Obxecto:**

Apróbanse as taxas correspondentes aos servizos prestados na escola infantil municipal do Concello de Cospeito e que figuran no anexo da presente ordenanza.

Os referidos prezos actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC).

**Artigo 4: Suxeitos pasivos:**

Teñen a consideración de suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta no centro e, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

**Artigo 5: Periodo impositivo e devengo:**

O periodo impositivo coincide co mes natural.

O devengo terá lugar no momento do inicio da prestación do servizo.

**Artigo 6: Pagamento:**

1. O abono das cotas polos servizos educativos e os servizos complementarios, sen prexuízo do establecido no artigo 8 desta ordenanza, realizarase mensualmente, en todo caso nos dez primeiros días naturais do mes seguinte ao que correspondan, mediante ingreso das cantidades adeudadas polo mes de referencia, nas entidades financeiras colaboradoras e que se indicarán expresamente polos servizos económicos municipais.

2. A tal efecto por medio de informe do director/a do centro, que en todo caso será emitido e remitido ó Sr. Alcalde Presidente como máximo nos tres primeiros días de cada mes, se indicarán as variacións nos servizos indicados no presente punto e que afecten ó abono da cota total mensual por nena/o. O informe estará a disposición dos suxeitos tributarios ós efectos de alegacións ou reclamacións sobre os datos nel incluídos.

3. A forma de pago preferente será a domiciliación bancaria, debendo os interesados facilitar os seus datos bancarios (CCC), no momento de tramitar a solicitude de alta e ingreso no centro infantil. Ó efecto subministrarse modelo oficial.

No caso de que o ingreso do neno/a se produza con posterioridade ó día primeiro do mes, a cota correspondente a dito mes ingresarase:

a) No caso de domiciliacións bancarias, farase efectiva xunto coa remesa de recibos domiciliados correspondentes ó seguinte mes.

b) No caso de ingresos directos en entidades financeiras, nos dez días seguintes a aquel en que se produciu o ingreso do neno/a, previa obtención polo obrigado ao pago do correspondente recibo.

4. No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

5. Salvo o disposto no artigo 7 desta ordenanza, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

6. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa exixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

**Artigo 7. Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar**

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento das tarefas determinadas no Anexo desta ordenanza, teranse en conta as especificacións recollidas no dito Anexo.

Para os efectos da aplicación do Anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

i. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF

c) O importe anterior dividírase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

#### **Artigo 8. Suspensión temporal da cota**

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 4 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións estivais no que o centro educativo permanecerá pechado (preferentemente o mes de agosto, salvo comunicación interna do director/a do centro, no que se modifique o mes de disfrute de vacacións estivais por preferencias no desenvolvemento do servizo educativo).

b) Cando, por calquera motivo distinto ó período de vacacións estivais, o centro permaneza pechado por decisión da Dirección ou por circunstancias persoais ou familiares dos nenos/as non asistan á escola infantil por un período superior a quince días naturais.

A suspensión correspondente ao apartado a) e a parte correspondente ao peche do centro, acordado pola Dirección, do apartado b), realizarase de oficio.

A suspensión correspondente ao apartado b) por non asistencia debido a circunstancias persoais ou familiares dos nenos/as será solicitada ante o Alcalde-Presidente acompañada da xustificación correspondente.

2. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 4 non terán a obriga de aboar a

cota correspondente ao servizo de comedor no seguinte suposto:

a) Cando, por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro. Neste caso o suxeito pasivo quedará exento de aboar a cota mensual dende o primeiro día do mes natural seguinte ó da data de ausencia ó centro, sempre que a súa solicitude de baixa sea resolta favorablemente polo Director do centro, que en todo caso deberá de ser comunicada ó Sr. Alcalde Presidente ós efectos do seu recoñecemento. A suspensión da cota acadará ata o primeiro día do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o director/a do centro que en todo caso a remitirá ó Sr. Alcalde-Presidente nos primeiros 3 días do mes corrente, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes da reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data da reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o Alcalde -Presidente acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

#### **Artigo 9: Revisión da tarifa:**

O longo do curso poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias económicas e familiares dos usuarios do centro municipal.

Neste sentido o beneficiario queda obrigado a comunicar calquera variación que se produza ó respecto e que teña efecto en calquera das circunstancias económicas e familiares que afectan ás tarifas contidas na presente ordenanza.

#### **Disposición final.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos municipal e comezará a aplicarse a partir do día seguinte permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

### **ANEXO**

#### **1. Prezo da atención educativa.**

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en **169,26 €**.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste Anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

## 2. Prezo por servizos complementarios.

### a) Servizo de comedor.

O prezo por este servizo fíxase en **74,05 €**.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

No caso de nenos e nenas que non utilicen o servizo de comedor de maneira habitual e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de **4,23 €** por día. Este prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

## 3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar.

a) Rendas inferiores ao 30 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples, en adiante IPREM.

Prezo da praza con servizo de comedor 0 €, sen servizo de comedor 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 17,45 €; sen servizo de comedor 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 52,36 €; sen servizo de comedor 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26 €; sen servizo de comedor 69,81 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 149,15 €; sen servizo de comedor 112,13 €

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 186,18 €; sen servizo de comedor 133,29€.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52 €; sen servizo de comedor 147,05€.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31 €; sen servizo de comedor 169,26 €.

4. As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.

5. As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán da exención total da cota.

## 6. Bonificacións

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto 3, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

1) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

2) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

3) Terán unha bonificación do 100% na **atención educativa** os segundos e sucesivos fillos da unidade familiar, nos termos previstos na Disposición Adicional Novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

Cospito, 12 de setembro de 2020.- O ALCALDE, Armando Castosa Alvariño.

R. 2126

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS 44/2020**

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, o día 17 de setembro de 2020 o expediente núm. 44/2020 de modificación de créditos baixo a modalidade de transferencia de créditos entre partidas de diferentes áreas de gasto do orzamento vixente por importe de 232.000,00 €, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 17 de setembro de 2020.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2163

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS 45/2020**

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, o día 24 de abril de 2020 o expediente núm. 19/2020 de modificación de créditos baixo a modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito por importe de 6.247.841,96 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 17 de setembro de 2020.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2164

**NEGUEIRA DE MUÑIZ***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data do 01.09.2020, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de agosto de 2020 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 286,36 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 384,97 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, a 01 de setembro de 2020.- O Alcalde- Presidente, José Manuel Braña Pereda.

R. 2127

**OUTEIRO DE REI***Anuncio*

Confeccionado o Padrón de contribuíntes do Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente o ano 2020, exponse ó público durante o prazo de vinte días, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de examen e reclamacións.

Outeiro de Rei, 11 de setembro de 2020.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2128

**PANTÓN***Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIRO CORRESPONDIENTE AO TERCEIRO BIMESTRE DE 2020.**

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 27.08.2020, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao terceiro bimestre de 2020, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

**ANUNCIO**

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao terceiro bimestre de 2020.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.09.2020 ao 31.10.2020, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 15.10.2020
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n - 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 - Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciarase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 14 de setembro de 2020.- O Alcalde,

R. 2129

*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2020.**

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 27.08.2020, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2020, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

4. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

5. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.

6. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

#### ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2020.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 15.09.2020 ao 16.11.2020, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 01.11.2020
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 14 de setembro de 2020.- O Alcalde,

R. 2130

## RIBAS DE SIL

### Anuncio

Acordo do Pleno do Concello de 10.09.2020 polo que se aproba definitivamente os expedientes de modificación de créditos núm. CE1/2020 e CE2/2020 do Orzamento en vigor, na modalidade de créditos extraordinarios para a aplicación do superávit orzamentario, que ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevada a definitiva a Resolución de Alcaldía de data 24.07.2020 sobre os devanditos expedientes de modificación de créditos.

Os importes aplicados aos diferentes destinos son:

1º. CE1/2020: Financiar a adquisición dun vehículo compactador de RSU de 8 m3 , pola cantidade de 129.470,00 €.

2º. CE2/2020: Financiar a adquisición Cancelación Débeda Financeira, pola cantidade de 145.000,00 €.

O resumo das aplicacións orzamentarias ás que se destinará o superávit orzamentario segundo o establecido no apartado anterior, será o seguinte:

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
1622	624	Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Elementos de transporte.	129.470,00

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
011	913	Operación de crédito a longo prazo	145.000,00



Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Ribas de Sil, 14 de setembro de 2020. O Alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 2131

## VILALBA

### Anuncio

#### Expediente n.º: 2493/2020

#### Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 4/2020, subexpediente 1/2020 de crédito extraordinario e 2/2020 de suplemento de crédito.

O Pleno deste Concello en sesión celebrada o 14 de agosto de 2020 aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos 4/2020, subexpediente 1/2020 de crédito extraordinario e 2/2020 de suplemento de créditos, por importe de 1.077.397,79 €. Transcorrido o prazo de exposición ao público sen que se presentaran reclamacións, considérase definitivamente aprobado o expediente, e de conformidade co recollido nos artigos 177.2 e 169.3 TRLRFL, faise público o resumo por capítulos do orzamento do exercicio 2020, prorrogado o do 2019 que queda, tras a contabilización do referido expediente, como segue:

#### ESTADO DE GASTOS:

CAPITULO	CREDITO DEFINITIVOS(€)
I.- GASTOS DE PERSONAL	2.968.079,54
II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	7.195.595,00
III.- GASTOS FINANCIEROS	0,00
IV.- TRANSFERENZAS CORRENTES	1.190.624,00
VI.- INVERSIONS REAIS	1.092.397,79
VII.- TRANSFERENZAS DE CAPITAL	75.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
IX.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>12.521.696,33</b>

#### ESTADO DE INGRESOS:

CAPITULO	PREVISIÓNS DEFINITIVAS(€)
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	4.165.000,00
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	160.000,00
III.- TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.534.367,58
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.648.545,92
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	7.200,00
VI.- ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	0,00

VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	309.846,15
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	1.077.397,79
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL	12.902.357,44

Contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 171 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, no prazo de dous meses contados a partir da data da aprobación definitiva.

Vilalba, 17 de setembro de 2020.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2161

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

#### Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado do Social nº 003 de LUGO, FAGO SABER:

Que no procedemento 347/16 deste Xulgado do Social, seguidos a instancia de BILAL KARRACH contra a empresa FERNANDO LUCAS CARRAL , sobre reclamación de cantidade, ditouse sentenza en data, cuxa parte dispositiva se adxunta:” **DECISIÓN.-1. Acollo a demanda formulada por Bilal Karrach contra FERNANDO LUCAS CARRAL e o FOGASA polo que condeno a FERNANDO LUCAS CARRAL ao pago a Bilal Karrach da cantidade de 1352,49 euros brutos, sobre os que se reportarán os xuros do 10 por cento.-2. A anterior cantidade será asumida polo FOGASA cos requisitos e límites legais e regulamentarios que, no seu caso, procedan.-3. As custas do procedemento (que incluírán os honorarios do/a letrado/a-graduado/a social da parte actora ata o máximo de 600 euros) serán aboadas por FERNANDO LUCAS CARRAL.-**Esta resolución seralles notificada ás partes, indicándoselles que é firme.-Así o acordo, decido e asino.-DALILA DOPAZO BLANCO, maxistrada do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo.”

E para que sirva de notificación en legal forma a **FERNANDO LUCAS CARRAL** , en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de **LUGO** .

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións faranse fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da Oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

En LUGO, a 11 de setembro de dous mil vinte.- **A LETRADO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**

R. 2132

#### Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado do Social nº 003 de LUGO, FAGO SABER:

Que no procedemento ORDINARIO 539/16 deste Xulgado do Social, seguidos a instancia de MILAGROS PRADO DAS PENAS contra a empresa CENRO DE RECUPERACION DE SABORES DA RIBEIRA SACRA S.L.U, sobre reclamación de cantidade, ditouse sentenza en data 09/09/20, cuxa parte dispositiva se adxunta:” **DECISIÓN.-1. Acollo a demanda formulada por Milagros Prado das Penas contra CENTRO DE RECUPERACIÓN DE SABORES DA RIBEIRA SACRA, SLU e o FOGASA polo que condeno a CENTRO DE RECUPERACIÓN DE SABORES DA RIBEIRA SACRA, SLU ao pago a Milagros Prado das Penas da cantidade de 2558,52 euros brutos, sobre os que se reportarán os xuros do 10 por cento.-2. A anterior cantidade será asumida polo FOGASA cos requisitos e límites legais e regulamentarios que, no seu caso, procedan.-3. As custas do procedemento (que incluírán os honorarios do/a letrado/a-graduado/a social da parte actora ata o máximo de 600 euros) serán aboadas por CENTRO DE RECUPERACIÓN DE SABORES DA RIBEIRA SACRA, SLU.-**Esta resolución seralles notificada ás partes, indicándoselles que é firme.-Así o acordo, decido e asino.-DALILA DOPAZO BLANCO, maxistrada do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo.”

E para que sirva de notificación en legal forma a , en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de .

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións faranse fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da Oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

En LUGO, a de dous mil vinte.- **A LETRADO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**

R. 2133

---

*Anuncio*

D/Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE LUGO.

**HAGO SABER:** Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª LETRADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL contra AUGA SOCIEDAD COOPERATIVA, MATADERO DE AVES SUAVI SL , en reclamación por PROCED. OFICIO, registrado con el nº P.OFICIO AUTORIDAD LABORAL 0001021 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar** a MILUTA CIMPEAN, CONSTANTIN VASILE, DOMNESCU VASILE, DOMNESCU NICOLETA CESARELA, STEFAN FLORIN, FRANCISO JAVIER MARIZ MARIZ Y PERDOMO RODRIGUEZ DAYLEN, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día **7/3/2022 a las 09:30 horas**, en Planta 4 - Sala 8 - Edif. Xulgados, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **MILUTA CIMPEAN, CONSTANTIN VASILE, DOMNESCU VASILE, DOMNESCU NICOLETA CESARELA, STEFAN FLORIN, FRANCISO JAVIER MARIZ MARIZ Y PERDOMO RODRIGUEZ DAYLEN**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a once de septiembre de dos mil veinte.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2134